

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE AGOLADA NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE AGOLADA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou co concello de Agolada (Pontevedra) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día da súa sinatura ata o día 28/12/2018.
2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:
 - establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde o Concello de Agolada para o financiamento das obras de reforma no centro de saúde de Agolada, propiedade do concello. Segundo se detalla na memoria achegada polo concello, as obras de reforma comprenderán as necesarias para reparar e evitar as filtracións no interior do centro de saúde que veñen afectando aos aseos e ao almacén de material sanitario.
3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.
4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
 - a necesaria optimización dos recursos económicos das Administracións Públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos, a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial.

- en particular, no centro de saúde do concello de Agolada faise necesario acometer unha serie de obras de reforma, xa que require de frecuentes actuacións de mantemento para ofrecer en cada momento o mellor servizo posible aos seus usuarios. Deste xeito, os servizos técnicos do Servizo Galego de Saúde teñen detectado a necesidade de efectuar unha actuación de reforma sobre o mesmo.

- Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

